

CLUB DANDI  
**Xosé Carlos Caneiro**

## Continuar

AS publicacións que de modo periódico edita a AELG (Asociación de Escritores en Lingua Galega) resultan sempre sobresaíntes e moi valiosas para diagnosticar o estado actual da nosa arte literaria. Trazan a xeografía exacta dos nosos autores, editando, por exemplo, cedés onde podemos escoitar as súas impresións sobre determinadas obras e autores; actualizan constantemente a súa páxina web co fin de manter presentes os seus contidos; desenvolven múltiples actividades de promoción da lectura e da creación literaria. A AELG, en definitiva, pretende impulsar e estimular o noso territorio literario e, de paso, incrementar a necesaria autoestima pola nosa cultura e o noso patrimonio escrito.

Esta quincena lin catro textos que son pura sensibilidade literaria e artística que a Asociación acaba de editar. Trátase da colección *Viaxes literarias*. Catro textos fascinantes e non serei eu quen decida cal é o mellor dos catro. *Terras de Compostela*, asinado por **Marilar Aleixandre**. *Terra de Iria*, de **Anxo Angueira**. *Baixo Miño*, de **Marta Dacosta**. *A terra do medio*, de **Xosé Vázquez Pintor**. Non son guías, son pura beleza. Textos finisimos, de altura literaria, que nos envolven na melancólica excelencia, e sinxeleza, da nosa paisaxe. Textos que nos enchen de terra, como se navegásemos o mar do noso interior máis perfecto. Ademais a súa edición é destas agarimosas, das que gusta tocar e sentir, libros que podes levar no peto e sacar en calquera instante para disfrutar. Iso fixen e propono tal mester a quen se incline polo pracer destas lecturas que recomendo con vehemencia. Ignoro se os libros están nas librerías, de non ser así, deben estar de contado. Reitero, pura literatura.

As dúas publicacións que tamén me chegan, baixo o título de *Escrita contemporánea*, continúan as series divulgativas iniciadas tempo atrás. Nesta primavera viñeron as actas das II Xornadas de Literatura Oral, centradas nun asunto fundacional do noso imaxinario: «O mito que fascina: do lobo ao lobishome» e tamén unha visión plural sobre un ámbito ao que desafortunadamente non lle prestamos a atención que merece: a crítica literaria galega.

Polo tanto, permítome concluir que o traballo que está a realizar a AELG é digno do recoñecemento de todos os seus socios, en particular, e da sociedade galega en xeral. Só queda, como en todos os grandes labores, perseverar nos verbos fundamentais da nosa andaina (histórica e intelectual): continuar... e non desfalecer neste maio, de Novoneyra, que iniciamos.

Velaquí o meu desexo.